

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)

CELEBRADA O DÍA 30 DE AGOSTO DE 2018

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIRAS/OS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA SONIA OUTÓN CASAL

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

DONA LUZ M^a ABALO PÉREZ

DONA ROCÍO A. LLOVO DEL RÍO

DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ

DONA ANA M^a GRANJA GUILLÁN

D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE

DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL

D. MANUEL MÉNDEZ VARELA

D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

DONA MARÍA MOSQUERA LEAL

D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ

DONA LUCÍA CESAR VELOSO

D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA

D. MIGEL ALVES LAGO

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 horas do día 30 de agosto de 2018, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores de datas 28 de xuño e 26 de xullo de 2018.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes xullo de 2018.

3. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

4. Aprobación, se procede, do expediente nº 2/REC/2018 de recoñecemento extraxudicial de créditos.

5. Aprobación, se procede, da declaración de utilidade pública municipal das obras de reforma da 5ª planta da Residencia Divina Pastora.

6. Aprobación inicial, se procede, do Regulamento da venda ambulante no Concello de Vilagarcía de Arousa.

7. Aprobación, se procede, da solicitude de recoñecemento ante a Consellería do Medio Rural, como variedade autorizada de uva tipo folla redonda e do viño que con ela se elabora (proposta remitida polo Concello de Ribadumia).

8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo municipal do PP de adopción de melloras urxentes en materia de seguridade vial na Rúa Os Anxos de Carril.

9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo municipal de somos Maioría pola defensa da Sanidade Pública do Salnés.

10. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

11. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

12. Rogos e preguntas.

13. Quenda de rogos e preguntas entre o público asistente á sesión.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 28 DE XUÑO E 26 DE XULLO DE 2018..- Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación das actas correspondentes ás sesións plenarias de datas 28 de xuño e 26 de xullo de 2018.

Non habendo ningunha proposta de rectificación quedan aprobadas por unanimidade.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180830&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2. TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES XULLO DE 2018.: Pola Secretaría dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE XULLO DE 2018:

Nº	DESCRICIÓN
27	Declaración de sobresemento actuacións expediente sancionador de tráfico
15	Desestimación de alegacións expedientes sancionadores de tráfico
2	Iniciación de oficio expedientes sancionadores de tráfico
7	Declaración de prescrición de infraccións de tráfico
8	Nomeamento de funcionario/a interino/a a tempo completo
2	Designación de Secretaria Xeral en Funcións
1	Designación responsable Departamento de Informática
1	Designación Encargado Accidental do Servizo de Alumeado Público
1	Orde aboamento gratificación por asumir funcións Intervención FPSDM
3	Concesión de gratificación especial por substitución posto de traballo de categoría superior
1	Orde aboamento diferenza de complementarias por asumir funcións de Encargado de Portería
1	Recoñecemento de obrigacións e ordenación de pagamento aportación ao plan de pensións do mes de xuño de 2018
1	Orde aplicación incremento retributivo do 1,5% a todos/as empregados/as do Concello con efectos 1 de xaneiro de 2018
1	Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en domingo.
1	Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en xornada nocturna
1	Declaración nulidade de pleno dereito licenza municipal para construción de vivenda unifamiliar
1	Non procedencia declaración de nulidade de pleno dereito de licenza de obras de construción de edificio
38	Aceptación comunicación previa para realización de obras
2	Aceptación comunicación previa para instalación de estación base de telefonía móbil
1	Concesión de prórroga de 6 meses para inicio e 3 anos para remate de obras
2	Concesión de licenza de legalización de obras
2	Concesión de licenza para acometida á rede municipal de auga
7	Concesión de licenza para ampliación de rede de telecomunicacións
9	Concesión de licenza de obra para canalización
2	Declaración de ineficacia de comunicación previa para realización de obras
1	Arquivo proxecto de estatutos e bases de actuación Xunta de Compensación UEI-2
2	Concesión de licenza para instalación de entrada de carruaxes
5	Aceptación comunicación previa para apertura de establecemento
1	aceptación comunicación previa para cambio de titularidade de establecemento
1	Concesión de licenza para cambio de titularidade de terraza de establecemento hostalería
2	Concesión de licenza para instalación de terraza en establecemento hostalería
2	Concesión de licenza de segregación
1	Concesión de prórroga de licenza de obra
4	Concesión de licenza de obra maior
4	Conformidade a proxecto de execución obra maior
1	concesión de autorización para execución simultánea obras urbanización e edificación
7	Autorización para celebración de concerto/actuación ao aire libre
1	Reiteración orde concesión prazo para eliminación muro que non se axusta a aliñación

- 1 Arquivo de expediente de reposición da legalidade urbanística
- 2 Iniciación de expediente de reposición da legalidade urbanística
- 2 Orde concesión prazo para que solicite licenza municipal de legalización
- 5 Aprobación de expediente de modificación de créditos de xeración de créditos de natureza non tributaria
- 2 Aprobación de expediente de modificación de créditos de transferencias de créditos
- 1 Recoñecemento de obrigas e orde pago amortizacións ordinarias de préstamos e liquidacións de xuros mes de maio
- 1 Adxudicación contrato de préstamo
- 11 Orde de pago de facturas
- 14 Concesión /denegación de fraccionamento de débeda
- 2 Orde cambio de titularidade de fincas no Catastro Inmobiliario
- 3 Concesión de licenza para tenza de animais potencialmente perigosos
- 2 Avocación puntual competencias delegadas na Xunta de Goberno Local
- 2 Adxudicación de contrato de actuacións de artistas
- 3 Aprobación de expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria actuacións de artistas
- 3 Orde representación e defensa dos intereses do Concello exercida por Letrado en procedemento xudicial
- 2 Iniciación de expediente sancionador por infracción de horario de peche
- 5 Elevar a definitiva a proposta de resolución e imposición sanción por infracción de horario de peche
- 1 Aprobación de bases para cobertura por funcionarios/as de carreira de 10 prazas de administrativo/a

TOTAL: 231

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180830&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3. TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180830&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE Nº 2/REC/2018 DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 27 de agosto de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria da Alcaldía do teor seguinte:

MEMORIA DA ALCALDÍA

De conformidade co establecido nos Artigos 26.2.C e 60.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, poderán aplicarse ós créditos do presuposto vixente as obrigas procedentes de exercicios anteriores, previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno Municipal.

Existen gastos procedentes de exercicios pechados que se encontran nas seguintes situacións:

-Expedientes de gastos realizado nos exercicios 2012, 2016 e 2017 dos que as facturas/xustificantes foron recibidas no ano 2018.

Visto que, no orzamento vixente existe crédito suficiente ben nas aplicacións orzamentarias ben a nivel de bolsa de vinculación, nos termos indicados nas relacións de facturas anexas á providencia de alcaldía Nº F/2018/26 por importe de 12.392,07€; F/2018/79 por importe de 1.643,64€ e F/2018/83 por importe de 12.916,66€ o que da un importe global do expediente que ascende a **26.952,37€**.

Vistos os informes favorables á viabilidade orzamentaria emitidos polos órganos xestores responsables dos programas de gasto implicados no presente expediente.

Tendo en conta que esta alcaldía considera necesario proceder ao recoñecemento extraxudicial de créditos co fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración dado que se trata de servizos e subministracións efectivamente realizados, en aras a evitar un prexuízo para os provedores, contratistas e demais acredores o tempo que se contribúe a acadar os obxectivos fiscais de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira marcados na LOEOSF 2/2012.

Logo de ver o Informe de Intervención, INT/2018/0000166-1 no que se manifesta a necesidade dun acordo plenario para aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 02/REC/2018 por importe de **26.952,37€**, con cargo ás aplicacións orzamentarias especificadas nas relacións anexas á providencia de alcaldía, esta Alcaldía-Presidencia, somete á aprobación da Corporación Municipal, o seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos **Nº 02/REC/2018**, das facturas e xustificantes comprendidos nas relacións de **OPAS Nº D/2018/3** anexas á providencia de alcaldía, por un importe global de **26.952,37€**, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2018 a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención”.

Vilagarcía de Arousa, 22 de agosto de 2018

O ALCALDE

Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente nº 2/REC/2018 de recoñecemento extraxudicial de créditos, por un importe global de **26.952,37€**,

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 02/REC/2018, das facturas e xustificantes comprendidos nas relacións de OPAS Nº D/2018/3 anexas á providencia de alcaldía, por un importe global de 26.952,37€, con cargo ás aplicacións

orzamentarias do Orzamento do exercicio 2018 a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención”.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180830&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA MUNICIPAL DAS OBRAS DE REFORMA DA 5ª PLANTA DA RESIDENCIA DIVINA PASTORA.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 27 de agosto de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da solicitude de Dona M^a Celina Rey Dieguez, como Directora da Fundación Asilo-Hospitalillo Residencia Divina Pastora, de bonificación do ICIO para a realización das obras de reforma da 5ª planta da Residencia Divina Pastora.

Dáse conta do seguinte informe da Sección de Rendas:

INFORME SOBRE SOLICITUDE DE BONIFICACION NO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIONS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO)

DNA MARIA CELINA REY DIEGUEZ e/r FUNDACION ASILO-HOSPITALILLO RESIDENCIA DIVINA PASTORA (G36017929) solicita o 27.04.2018 (RE 4373) a bonificación no ICIO correspondente á obra “**REFORMA DA PLANTA QUINTA**” en Rúa Ramón Piñeiro López nº 11, con fundamento en que se trata dunha obra destinada a persoas anciáns, enfermos e desamparados.

Consultada a normativa de aplicación, o art 4.2 da Ordenanza Fiscal nº I.3, reguladora do Imposto dispón, en concordancia co art. 103.2.a) do RDL 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o seguinte:

“O Pleno da Corporación poderá declarar, previa solicitude dos interesados e os informes dos técnicos municipais, que determinadas construcións, instalacións ou obras son de especial interés ou utilidade pública municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego. Dita declaración require o voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Declarada dita utilidade a Xunta de Goberno Local poderá aplicar unha bonificación do 50% da cota en atención os documentos existentes no expediente e que motivaron a declaración de especial interés ou utilidade pública municipal.

Os interesados deberán efectuar a solicitude de bonificación no momento en que se efectúe a solicitude da licenza de obra e, en todo caso, antes do inicio das mesmas, o que se acreditará co certificado expedido polo Técnico Director da obra”

A obra da que se solicita a bonificación ten como obxectivo a reforma da quinta planta da residencia, comprendendo demolición, obras de fontanería, electricidade, illamento etc.

Por Resolución de Alcaldía de data 31.05.2018, aceptouse a comunicación previa da obra de referencia.

Por outra parte, a solicitude de bonificación foi presentada simultaneamente á solicitude de licenza de obra (27.04.2018).

O feito de que sexa un inmovible destinado a albergar e coidar a persoas maiores e con dificultades fai que dita obra poda ser considerada de interés social.

O que se informa ós efectos oportunos.

Vilagarcía de Arousa, 10 de agosto de 2018.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da declaración de utilidade pública municipal das obras de reforma da 5ª planta da Residencia Divina Pastora.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con vinte votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), PP (7), EU (2), BNG (2) e Somos Maioría (1) e un voto en contra do Concelleiro non adscrito (1)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a solicitude de Dona M^a Celina Rey Dieguez, como Directora da Fundación Asilo-Hospitalillo Residencia Divina Pastora de declaración da obra de reforma da 5^a planta da Residencia Divina Pastora, como de interese social, a efectos de bonificación do ICIO.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180830&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO REGULAMENTO DA VENDA AMBULANTE NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 27 de agosto de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta do Regulamento Municipal da venda ambulante, que establece una regulación detallada e concreta da venda ambulante e das autorizacións precisas para exercer. Deste xeito se dota a este sector comercial dunha normativa municipal sinxela de comprensión, pero clara nos conceptos que ademais establece con precisión os supostos que regula.

Dáse conta da tramitación do mesmo, que é a seguinte:

- a. Aprobación inicial polo Pleno da Corporación por maioría simple.
- b. Información pública con publicación no B.O.P. e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.
- c. Resolución de tódalas reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno. No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional.
- d. A entrada en vigor producirase tras a súa publicación íntegra no B.O.P. e unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles desde esta, polo posible impugnación polo Estado ou a Comunidade Autónoma.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación inicial do Regulamento da venda ambulante no Concello de Vilagarcía de Arousa.

A Sra. Llovo del Río propón as seguintes correccións:

No Art. 9.6: facer constar enfermidade “grave”.

No Art. 9.8 engadir “A suspensión poderá conlevar a reubicación dos postos noutra zona”.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde, coas correccións indicadas, da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Regulamento da venda ambulante no Concello de Vilagarcía de Arousa, coas correccións citadas.

SEGUNDO: Expoñer ao público o texto aprobado inicialmente obxecto da mediante a publicación do anuncio de exposición ao público durante o prazo de 30 días no BOP, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial deste Regulamento obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal.

TERCEIRO: Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro do Regulamento, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e entrarán en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo de 15 días hábiles desde esta, pola posible impugnación polo Estado ou Comunidade Autónoma.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180830&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DE RECOÑECIMENTO ANTE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, COMO VARIEDADE AUTORIZADA DE UVA TIPO FOLLA REDONDA E DO VIÑO QUE CON ELA SE ELABORA (PROPOSTA REMITIDA POLO CONCELLO DE RIBADUMIA): Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 27 de agosto de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta do acordo adoptado polo Pleno Municipal do Concello de Ribadumia, de data 23 de maio de 2018, relativo á solicitude do recoñecemento como variedade autorizada da uva tipo folla redonda, e do viño que con ela se elabora, no que se acorda:

1º. Instar á Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, que realice os trámites precisos para que a variedade de uva “Folla Redonda” poida ser inscrita como variedade de uva de transformación autorizada na Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do ordenamento do potencial de produción vitícola español.

2º. Que se realicen os informes, avaliacións e estudos que se consideren necesarios, co obxecto de promover os cambios normativos para que o viño elaborado poida ser etiquetado e comercializado; ademais que se considere a súa venda normalizada nos establecemento rexistrados coma furanchos.

3º. Trasladar esta moción, coa proposta de acordo, a todos os Concellos da Comarca do Salnés e ao Pleno da Mancomunidade do Salnés co fin de que dean, se o consideran, o seu apoio a esta xusta reivindicación.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE e PP informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais de EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da solicitude de recoñecemento ante a Consellería do Medio Rural, como variedade autorizada de uva tipo folla redonda e do viño que con ela se elabora.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dezasete votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), PP (7), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito (1), e catro abstencións dos membros pertencentes aos grupos políticos municipais de EU (2) e BNG (2),

ACÓRDASE: Por maioría apoiar o acordo do Pleno Municipal do Concello de Ribadumia, de data 23 de maio de 2018, relativo á solicitude do recoñecemento como variedade autorizada da uva tipo folla redonda, e do viño que con ela se elabora.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180830&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP DE ADOPCIÓN DE MELLORAS URXENTES EN MATERIA DE SEGURIDADE VIAL NA RÚA OS ANXOS DE CARRIL.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 27 de agosto de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PP coa data de 22 de agosto de 2018, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 30 de agosto de 2018 a seguinte MOCIÓN:

“Adopción de melloras urxentes en materia de seguridade vial na rúa Os Anxos de Carril”

EXPOÑEN

O Partido Popular de Vilagarcía, na súa firme aposta de defensa da seguridade vial e a resolución dos múltiples problemas existentes en materia de tráfico na cidade advirte que a rúa dos Anxos de Carril segue a presentar deficiencias que se poden subsanar da maneira inminente.

O pasado mes de xaneiro de 2017, este vial foi o triste escenario dun atropelo mortal que custou a vida dunha veciña que camiñaba pola beirarrúa. Pasado máis de ano e medio desde esa data, o goberno local non tomou as decisións pertinentes para poñer solución ós problemas que se rexistran neste vial, a pesar de que a preocupación dos veciños, lonxe de desaparecer, segue a aumentar por sentirse desamparados polo goberno local.

O PP de Vilagarcía volve a ser a canle das queixas veciñais e neste caso a situación agrávase pola existencia de dous centros de ensinanza de idades temperáns nas inmediacións: A Galiña Azul e o Colexio Público Rosalía de Castro. Este feito fai que a solución adquira unha especial relevancia, xa que existe un risco evidente para a seguridade e integridade dos peóns, dado que os vehículos circulan, en numerosos casos, a velocidades superiores á permitida.

Os populares demandan un paquete de medidas en materia de seguridade vial para esta zona, que sexa consensuada co departamento da Policía Local, e que se sopesen as solucións idóneas para solucionar o temor cidadán na zona. A participación dos máximos responsables municipais na materia terá que discernir se a solución pasa pola instalación dun paso de peóns elevado, badéns, bandas reductoras, maior sinalización (tanto vertical como horizontal), a implantación de semáforos ou posibles reducións da velocidade na contorna por separado ou combinando varias delas.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PP de Vilagarcía

SOLICITA

- Que se tomen as medidas oportunas para facer da rúa Os Anxos un vial máis seguro para os viandantes e conductores e se instalen elementos de seguridade para os veciños e os usuarios dos centros de ensinanza da zona.
- Que se consensúe coa Policía Local a medida ou medidas idóneas para aumentar a seguridade vial da rúa.

Ana Granja – Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal do PP de adopción de melloras urxentes en materia de seguridade vial na Rúa Os Anxos de Carril.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polo grupo municipal do PP e,

- Que se tomen as medidas oportunas para facer da rúa Os Anxos un vial máis seguro para os viandantes e conductores e se instalen elementos de seguridade para os veciños e os usuarios dos centros de ensinanza da zona.
- Consensuar coa Policía Local a medida ou medidas idóneas para aumentar a seguridade vial da rúa.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180830&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE SOMOS MAIORÍA POLA DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA DO SALNÉS.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 27 de agosto de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal de Somos Maioría coa data de 22 de agosto de 2018, do seguinte teor:

Gaspar Antonio González Somoza, concelleiro e voceiro do Grupo Municipal de Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG), ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria de agosto de 2018, a seguinte moción:

MOCIÓN POLA DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA NO SALNÉS
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois do lamentable suceso no PAC da Estrada, no cal un paciente faleceu ao non poder recibir atención inmediata por non haber profesionais que cubrisen a ausencia do facultativo que naquel momento estaba atendendo outra urxencia fóra do centro, queremos mostrar a nosa repulsa e preocupación polo desmantelamento sistemático da sanidade pública e os perigos que carrega para a cidadanía.

Tal como veñen denunciado plataformas de defensa da sanidade pública, persoas usuarias da mesma e diferentes grupos municipais de todo o Salnés, expresamos:

1· Este suceso, así como situacións de todo tipo que estamos vivindo en todo o país na atención primaria, son consecuencia da política de recortes en recursos sanitarios promovidos polo Sergas, fomentando e promovendo o desmantelamento da sanidade pública co obxectivo de construír un sistema que favoreza o sector privado.

2· Os recortes afectan a toda a Atención Primaria en xeral e en particular aos PAC, onde a situación é aínda máis preocupante polas súas características. Nuns centros e nos outros, ao igual ca nos hospitais onde, entre outras cousas, estanse pechando plantas enteiras, coma no Hospital do Salnés, o que está acontecendo é que, ademais da habitual saturación dos diferentes servizos derivada da falta de persoal e medios, non se están cubrindo as baixas do persoal facultativo o que provoca, ademais da redución de servizos, que os centros queden totalmente desatendidos cando o único médico que está de servizo ten que saír a atender unha urxencia fóra do centro, circunstancia habitual e reiteradamente denunciada.

3· No verán, a contratación de persoal é insuficiente, o horario de atención e algúns servizos en moitos Centros de Saúde vense reducidos mentres que a poboación da Área do Salnés aumenta de forma considerable, debido á importante afluencia turística. A coincidencia destas circunstancias produce a masificación de consultas (máis de 50 pacientes por facultativo e día), a aparicións de listas de agarda nos centros de saúde, a saturación das urxencias, e que as familias teñan que facer desprazamentos longos para que os seus fillos e fillas poidan ter atención pediátrica.

4· Tal como denuncian distintas plataformas, a falta de persoal que o SERGAS esgrime como escusa non é máis ca unha total ausencia de planificación e un aumento na precarización dos contratos do persoal, polo que moitos dos nosos profesionais declinan traballar na Atención Primaria de Galicia, emigrando cara a outros lugares con mellores condicións laborais.

5· A inexistencia de ningún PAC Pediátrico en toda Galicia, e a desacertada decisión política que levou a que desaparecera o PAC pediátrico de Cambados, fai que os nosos nenos e nenas non reciban a atención axeitada, pois tal como recolle o informe anual de 2017 da Valedora do Pobo: *“a valoración e a atención por un médico de familia a un menor non pode ser algo ordinario”*.

6· O ano pasado, en Sanxenxo entregáronse máis de 4.000 sinaturas tanto ao EOXI Pontevedra- Salnés como ao SERGAS, para a consecución dun pediatra a maiores para o Centro de Saúde de Baltar e unha ambulancia medicalizada durante todo o ano para a zona do Salnés. A resposta do Sergas foi reformar ese centro minguando os espazos e aumentando as salas sen ver incrementado o persoal nin a calidade das prestacións sanitarias.

7· Existen tamén denuncias deste mesmo ano sobre os casos de varias persoas usuarias que foron dadas de baixa no SERGAS nos concellos de Vilanova, Vilagarcía e Sanxenxo, cos problemas correspondentes: a persoa prexudicada ten que ir ás oficinas da Seguridade Social a darse de alta outra vez, e aínda que a asistencia de urxencia sempre está garantida, quen non conste como alta terá que asumir o custo da atención. Nas dependencias da Seguridade Social de Vilagarcía de Arousa estaban atendendo unha media de 4-5 solicitudes diarias.

8· En xullo, o concello de Ribadumia denunciaba que desde mediados dese mes, o seu centro de saúde conta cunha soa facultativa pola falta de persoal substituto que cubran as ausencias de médicos que gozan das súas correspondentes vacacións. A principios de agosto fixeron entrega de máis de 300 sinaturas, mentres o xerente do EOXI Pontevedra-Salnés ía de vacacións sen recibir o equipo de goberno nin atender os seus rogos para que se corrixira a situación nese centro de saúde.

9· En Cambados, neste mesmo mes, un paciente denunciaba que despois de que os médicos do PAC o derivaran a Urxencias do hospital do Salnés, tivo que esperar case tres horas pola ambulancia para poder achegarse ao Hospital, e despois de que lle deran a alta, tivo que esperar outras catro horas para ser trasladado ao seu domicilio. Ambulancia na que ía só o condutor e sen cadeira pregable, polo que houbo que subir o paciente a pulso.

10· Poucos días despois da trágica morte dun paciente no PAC da Estrada por falta de persoal médico, en Sanxenxo poñíase o foco na similar situación recorrente no PAC de Baltar. A semana do 6 de agosto, o PAC (urxencias) de Baltar volveu quedar cun só médico de 08.00 a 15.00h., con todas as consecuencias, e en pleno período estival, o que fixo que se incrementase nese horario a carga dos médicos de familia, incluídas as posibles saídas domiciliarias.

11· Por último, tal e como recollen os medios, no PAC de Vilagarcía de Arousa o persoal sanitario remitiu tamén as súas protestas á Consellería de Sanidade polo feito de que se cubrixe unha baixa dun médico cunha enfermeira o pasado día 18 deste mes, o día no que coincidían diversos actos festivos que encheron Vilagarcía de xente precisamente cando menos persoal sanitario había no Centro de Saúde.

Dada a acumulación de problemas e a gravidade de todo o exposto anteriormente, faise preciso esixir responsabilidades, e propoñer acordos que defendan unha adecuada xestión da sanidade pública e atención aos pacientes, polo que propoñemos ante o pleno municipal que se aprobe o seguinte:

ACORDO:

1. O Concello de Vilagarcía de Arousa solicitaralle á Consellería de Sanidade:
- A dimisión do Conselleiro de Sanidade, do xerente do Sergas e do xerente do EOXI de Pontevedra-Salnés.
 - O fin das políticas de recorte e desmantelamento da Sanidade Pública Galega.
 - A eliminación da taxa de reposición e da súa fórmula de cómputo.
 - Un plano de Estabilidade que permita converter en interinas todas as prazas estruturais cubertas con contratos eventuais.
 - Reforzar os dispositivos de atención ás Urgencias nos PAC.
 - Un Plan Urxente de Reposición de Recursos Orzamentarios e de Persoal.
2. O Concello de Vilagarcía de Arousa solicitaralle ao 061 un informe técnico polo miúdo do cambio de criterio de uso de isócronas das ambulancias medicalizadas e a mellora das condicións laborais das e dos profesionais.

Asdo.: Gaspar Antonio González Somoza
En Vilagarcía de Arousa, a 22 de agosto de 2018.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais de EU e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal de Somos Maioría pola defensa da Sanidade Pública do Salnés.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con catorce votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), EU (2), BNG (2), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito (1) e sete votos en contra, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais do PP (7)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo Municipal de somos Maioría e,

1. Solicitar á Consellería de Sanidade:

- A dimisión do Conselleiro de Sanidade, do xerente do Sergas e do xerente do EOXI de Pontevedra-Salnés.
 - O fin das políticas de recorte e desmantelamento da Sanidade Pública Galega.
 - A eliminación da taxa de reposición e da súa fórmula de cómputo.
 - Un plano de Estabilidade que permita converter en interinas todas as prazas estruturais cubertas con contratos eventuais.
 - Reforzar os dispositivos de atención ás Urgencias nos PAC.
 - Un Plan Urxente de Reposición de Recursos Orzamentarios e de Persoal.
2. Solicitar ao 061 un informe técnico polo miúdo do cambio de criterio de uso de isócronas das ambulancias medicalizadas e a mellora das condicións laborais das e dos profesionais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180830&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10. INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180830&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA. En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180830&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12. ROGOS E PREGUNTAS. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180830&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13. QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE O PÚBLICO ASISTENTE Á SESIÓN.

Por parte do público asistente fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180830&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:10 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.